



MASMOVIL[®]

COMUNICADO DE PRENSA
13 de xaneiro de 2022

Inclúe unha promoción exclusiva con tres meses de agasallo

R acada un acordo con DAZN para lles ofrecer aos seus clientes o mellor contido deportivo

- ***Os/as clientes/as de R xa poden acceder ao amplo catálogo multideportivo de DAZN, que inclúe as mellores competicións do mundo do motor, tenis, baloncesto, boxeo ou fútbol, entre outras.***
- ***Co obxectivo de lles facilitar o proceso de subscrición aos seus clientes/as, o servizo de 'streaming' dedicado ao deporte poderase contratar a través da app de R e integrar o pagamento na factura do operador.***

Xoves, 13 de xaneiro de 2022.- R, o operador de telecomunicacións líder en Galicia, e DAZN, a plataforma global líder de streaming de deporte en directo e baixo demanda, acadaron un acordo para lles ofrecer o mellor contido multideportivo aos/ás clientes/as da compañía galega.

Os/as clientes/as de R poden gozar dende agora do servizo de *streaming* co catálogo deportivo máis amplo do mercado, que inclúe, ademais de eventos en directo, historias inéditas e exclusivas da man dos seus protagonistas a través de entrevistas, reportaxes e producións orixinais DAZN Originals. Aí estarán as mellores competicións do mundo do motor, tenis, baloncesto, boxeo ou fútbol, entre outras, ás que se pode acceder dende diversos dispositivos (*Smart TV*, tabletas, videoconsolas...), incluído o deco 4K de R.

Esta alianza co servizo de *streaming* DAZN implica unha promoción exclusiva para os/as clientes/as do operador galego, que incorpora unha subscrición con tres meses de agasallo para as altas que se realicen antes do 31 de xaneiro. Ademais, DAZN non ten permanencia e, por conseguinte, os/as clientes/as do operador poderán dar de baixa o servizo en calquera momento.

Pagamento integrado na factura de R

Co obxectivo de lles achegar a consumidores/as a mellor experiencia en telecomunicacións para os seus fogares, R continúa mellorando e asinando alianzas cos principais *players* para ofrecer os mellores servizos do mercado, sempre coa máxima atención e coidado dos seus clientes/as.



MASMOVIL[®]

COMUNICADO DE PRENSA
13 de xaneiro de 2022

Por iso, co fin de facilitar o proceso de subscrición, o operador galego habilitou na súa *app* de clientes/as un acceso directo para darse de alta no servizo de *streaming*.

R está nun constante proceso de evolución co obxectivo de simplificar e mellorar a experiencia de usuario a través dunha clara aposta pola dixitalización, a eficiencia dos seus procesos e a innovación. Deste xeito, DAZN chega a **R** co servizo de *carrier billing* incorporado, que facilita o pagamento da plataforma a través dunha única factura de telecomunicacións.

Con esta incorporación de DAZN ao catálogo da oferta de **R**, o operador de telecomunicacións galego dálle continuidade ao seu obxectivo de potenciar o valor na súa oferta de entretemento.

Acerca de DAZN Group

DAZN Group é unha das empresas de medios deportivos con maior crecemento do mundo. Con sede no Reino Unido e empregados en máis de 25 países, a súa actividade abarca todos os aspectos da interacción entre os afeccionados e o deporte, desde a produción, até a distribución e comercialización do contido. DAZN Group é o fogar de DAZN, o servizo líder global de 'streaming' de deporte en directo e baixo demanda, DAZN News, o coñecido portal de deporte e DAZN Player, a plataforma de contido VOD de deporte específica para editores. DAZN está a liderar o cambio para lles ofrecer aos afeccionados de todo o mundo acceso ao deporte en calquera momento e lugar. DAZN garante un servizo sen permanencia e cunha tarifa alcanzable na maioría dos dispositivos con conexión a internet, como smart TVs, set-top boxes, streaming sticks, smartphones, tabletas, PCs e videoconsolas. DAZN está presente en máis de 200 países e territorios. Para máis información, visita <https://dazngroup.com/>

Acerca de R

***R** é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das Cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica. O operador galego está presente en máis de 140 concellos e presta servizo a arredor de 260.000 clientes entre residenciais e empresas.*

Na actualidade atópase en pleno proceso de modernización da súa infraestrutura para todos/as os/as seus clientes/as, que disporán da rede de fibra e 5G máis rápida e moderna de España, con posibles accesos de ata 10 xigas simétricos, para situar a Galicia entre as rexións máis avanzadas de Europa en tecnoloxía e infraestruturas de telecomunicacións.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal